

Condena á CRTVG por sancionar a xornalista activo nos Venres Negros, en denuncia da manipulación informativa

Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela repara a dignidade do xornalista e delegado da CUT Carlos Jiménez, declarando nula a sanción que lle foi imposta, e considerando lesionados por parte da empresa os seus dereitos á tutela xudicial efectiva e á liberdade de expresión.

Santiago, 29 de decembro de 2021

A loita contra a manipulación informativa na Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) tivo hoxe un importante pulo, desta volta a través de resolución xudicial. No ano 2019 as profesionais da CRTVG Tati Moyano e Carlos Jiménez recibían en nome do colectivo Defende a Galega o XV Premio José Couso á Liberdade de Prensa, **ao seren ambos significados participantes da iniciativa Venres Negros e represaliados por este feito por unha empresa pública da comunicación**. Se o expediente disciplinario contra Tati Moyano rematou por se arquivar, a CRTVG quixo frear a iniciativa contra a manipulación usando a Carlos Jiménez como exemplo, que acabou por ser sancionado con 9 días de emprego e soldo.

O expediente disciplinario dirixido contra Carlos Jiménez artellouse despois de que se convertera nun dos máis activos participantes dos Venres Negros, ben caracterizados pola resolución xudicial como unha *“movilización que se iniciou el 25 de mayo de 2018, y tenía por objeto la denuncia por parte de diversos trabajadores de la entidad demandada del despliegue por parte de la Dirección de la misma de políticas de manipulación informativa”*. Este expediente contra o traballador desencadeou reaccións solidarias masivas dentro e fóra do centro de traballo: denuncias ante os medios de comunicacións, protestas da CUT e do Comité

de Empresa no seu conxunto, adhesión e solidariedade dos Colexios Profesionais, entrega de sinaturas de compañeiras e compañeiros que se significaron ante a Dirección da CRTVG pedindo a inmediata retirada do expediente, e mesmo o sometemento desta represalia á Comisión de Control da CRTVG. Malia todo, a CRTVG xa tiña decidido utilizar o medo e o efecto disuasorio desta sanción como elemento de contracción do exercicio do dereito á liberdade de expresión das traballadoras e traballadores do medio.

Con todo, hoxe, o Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela, vén de ditar sentenza que *“estimando íntegramente la demanda [...] Debo declarar y declaro nula la sanción impuesta al demandante [...] y, en consecuencia, se deja sin efecto alguno dicha resolución” e “Debo condenar y condeno a la entidad demandada a abonarle al demandante los salarios que hayan dejado de abonársele en ejecución de la sanción anteriormente referida, así como la cantidad de 6.251 euros en concepto de indemnización de daños y perjuicios por vulneración de derechos fundamentales [...]”*.

Para Raquel Lema, voceira da CUT na CRTVG, este pronunciamento é *“absolutamente reparador, e con todo o tarde que opera a xustiza, un poder como o xudicial declara, por vez primeira, algo que as traballadoras do medio levamos anos entendendo, sufrindo e denunciando e que resulta especialmente grave dentro dun medio de comunicación público como a CRTVG: que non existe liberdade de expresión e que existen represalias por esixir imparcialidade informativa e pluralidade. Se un Xulgado vén de condenar á CRTVG por un feito tan grave no ámbito xornalístico, onde a liberdade de expresión é unha ferramenta de traballo esencial, o natural é que nos próximos días se produzan ceses e se depuren responsabilidades. Isto daría conta dos estándares democráticos da empresa pública á que servimos. Que pasará?”*

Para a Xulgadora, segundo a Sentenza, *“el actor aporta cumplidos indicios relativos a la presunta vulneración de la tutela judicial efectiva en su vertiente de garantía de indemnidad y de la libertad de expresión, pues acredita el ejercicio de múltiples acciones legales en vía judicial frente a la entidad demandada en relación con sus derechos laborales, en un total de 12 procedimientos judiciales, así como su activa e intensa participación en la movilización denominada “Venres Negros” que se inició el 25 de mayo de 2018, y tenía por objeto la denuncia por parte de diversos trabajadores de la entidad demandada del despliegue por parte de la Dirección de la misma de políticas de manipulación informativa”*.

Desta maneira, dicta a Sentenza, *“la debilidad de la prueba en relación con la falta de conocimiento de la actividad privada del actor, unida a la inmediatez temporal existente entre la movilización “Venres Negros” iniciada a finales de mayo de 2018 con activa participación del trabajador, permite concluir que la sanción es una respuesta de la entidad demandada a la actuación legal y periodística del demandante en una relación de causa-efecto”*

Contacto:

650.02.26.00

Raquel Lema Astray

Responsábel da CUT na CRTVG

647.013.679